



FUNDACIÓN

Clínica Pardiñas

Gústanos verte sorrir



Dr. Simón Pardiñas López
Presidente da Fundación

Quero darlles os parabéns a todos os que se involucraron, de forma totalmente altruísta, co seu traballo e dedicación, nun proxecto que agora se fai realidade.

Todos os que facemos parte da Fundación, agardamos poder recuperar o sorriso daqueles aos que a vida deixou de sorrir.



“

Achegar a atención odontolóxica ao maior número de persoas é a nosa prioridade ”

En 1986, o Dr. Pardiñas Arias e a Dra. López Prieto comezan a súa andaina profesional na Coruña. En 1996 fundan a Clínica Dental Pardiñas López, un proxecto ambicioso no que incorporarían conceptos innovadores de traballo, tecnoloxía e organización.

No ano 2003 obteñen a certificación ISO 9001:2008, que representa un recoñecemento internacional de primeira liña ao seu proceso asistencial e, ao mesmo tempo, ratifica os obxectivos elixidos pola Clínica desde as súas orixes: compromiso de calidade, satisfacción do cliente e formación continua.

Ao longo de máis de 25 anos teñen obtido importantes logros profesionais, pero, sen lugar a dúbidas, o maior dos seus orgullos é o apoio incondicional e a confianza depositada por todos os seus pacientes.



FUNDACIÓN *Clínica Pardiñas*

No ano 2012, coincidindo coa incorporación do Dr. Simón Pardiñas López, procúrase unha forma de agradecer todo o apoio e a confianza recibida durante estes anos.

Así, tendo en conta a situación de precariedade laboral e social pola que pasa o noso país, chégase á conclusión de que a mellor maneira de colaborar é poñer o seu traballo, experiencia e instalacións ao servizo das persoas que máis o precisan.

Por iso, no ano 2014 créase a primeira Fundación Galega adicada á Atención Bucodental co obxectivo principal de dar asistencia aos sectores máis desfavorecidos da nosa sociedade.